



ANUNCIO DA REVISIÓN DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS VACANTES DE ORDENANZAS, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020

Exp. 3143/2022

En reunión celebrada polo tribunal cualificador en data 20.06.26, e conforme ao asesoramento xurídico emitido pola Secretaria Municipal,

ACÓRDASE,

PRIMEIRO.- O tribunal **anula** o acordo adoptado con data de 03.02.2026 "...". E, polo tanto, deixa sen efecto o anuncio da **convocatoria do segundo exame de data 11.02.2026, publicado o 05/02/2026.**

SEGUNDO.- A devandita convocatoria atopábase suspensa cautelarmente por acordo do tribunal de data 09.02.2026: "...". Polo tanto a vista do exposto, **queda levantada a medida de suspensión cautelar acordada** por este tribunal, unha vez que queda sen efecto o anuncio para a convocatoria orixe da medida cautelar.

TERCEIRO.- De acordo co manifestado, **os resultados obtidos no exame celebrado con data 15.01.2026 considéranse válidos** por este tribunal de cara á celebración do seguinte exercicio do proceso selectivo, de acordo coas bases da convocatoria publicadas no Boletín Oficial da Provincia do martes, 16 de maio de 2023 (nº 93):

"...Terceiro exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Sobre o coñecemento do galego para aquelas persoas aspirantes que non puidesen acreditar documentalmente que posúen o CELGA 2 ou equivalente.

Consistirá en traducir do castelán para o galego, sen axuda de dicionario en un tempo máximo de trinta (30) minutos, un texto elixido polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio. A tradución será lida pola persoa aspirante diante do órgano de selección ao

remate do exercicio. Neste exercicio valorarase a corrección da tradución e a pronuncia da lingua galega. A cualificación deste exercicio será de apto/a ou non apto/a".

A secretaria

Miriam Rodríguez Pérez



Conforme, A Presidenta Titular do órgano de selección

Antía Mosquera González

